

## **ACTA NÚM. 10 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA VINTE E SEIS DE XUÑO DE 2014.**

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **dezasete horas e trinta minutos** do día **vinde e seis de xuño de 2014**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

### **A S I S T E N:**

Don Ángel Benito Currás Fernández, Alcalde-Presidente.

### **CONCELLEIROS/AS:**

Dona María de los Reyes Leis Rodríguez.

Don Luís Mejjide Rodríguez.

Don José María Rosende Rico.

Dona Mar Martín García.

Don Benardino Higinio Rama Seoane.

Dona Mercedes Rosón Ferreiro.

Dona Marta Álvarez-Santullano Fernández-Trigales.

Don Francisco Reyes Santiás.

Don Gonzalo Muiños Sánchez.

Don José A. Baqueiro Canabal.

Dona M<sup>a</sup> de los Ángeles Gómez Bugallo.

Dona Rosario Valledor Puente.

Don Rubén Cela Díaz.

Dona Elvira Cienfuegos López.

Don Rafael Xesús Vilar González.

D. Vicente Calvo del Castillo, Interventor Xeral do Concello.

Juan Manuel Salguero del Valle, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

### **ORDE DO DÍA:**

**1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 28 de maio de 2014 (núm. 8/14).**

**2. Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria do día 18 de xuño de 2014 (núm. 9/14).**

**3. Dar conta de resolucións da Alcaldía en materia de delegación de competencias e nomeamento de membros da Xunta de Goberno.**

**4. Dar conta de resolucións da Alcaldía, das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela.**

**5. Rogos e preguntas.**

**6. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais.**

Cumpriméntase así:

**1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 28 DE MAIO DE 2014 (NÚM. 8/14).**

Por unanimidade dos presentes apróbase a acta núm. 8/2014, correspondente á sesión plenaria ordinaria que tivo lugar o 28 de maio de 2014.

**2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 18 DE XUÑO DE 2014 (NÚM. 9/14).**

Por unanimidade dos presentes apróbase a acta núm. 9/2014, correspondente á sesión plenaria extraordinaria que tivo lugar o 18 de xuño de 2014.

**3. DAR CONTA DE RESOLUCIÓN S DA ALCALDÍA EN MATERIA DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS E NOMEAMENTO DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO.**

Dáse conta ao pleno das seguintes resolucións relativas a delegación de competencias e designación de membros da Xunta de Goberno:

**Decreto da Alcaldía, de data 28 de maio de 2014:**

“Con data 27 de maio de 2014 o concelleiro Don Adrián Varela Sarandeses, con competencias en deportes, presentou no Rexistro Xeral do Concello co número de entrada 25.598 a súa renuncia ao cargo de concelleiro do Concello de Santiago de Compostela. Na sesión do Pleno do Concello de Santiago de Compostela celebrada na tarde de hoxe deuse conta desta renuncia.

Visto o anterior, e co fin de asegurar o correcto funcionamento da concellaría e en base ás competencias que se atribúen a esta alcaldía no artigo 124.4.b da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local,

**RESOLVO:**

Delegar na concelleira da área de Servizos Sociais, Dona María Castelao Torres, as competencias en Deportes.”

**Decreto da Alcaldía, de data 3 de xuño de 2014:**

“En base ás competencias que se atribúen a esta alcaldía no artigo 125 e 126 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local,

**RESOLVO:**

Nomear membros da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela aos concelleiros/as que a seguir se relacionan:

Dona Reyes Leis Rodríguez.  
Don Luís Meijide Rodríguez.  
Don José María Rosende Rico.

Nomear concelleira secretaria da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela a Dona Reyes Leis Rodríguez e como suplente para os casos de ausencia, vacante ou enfermidade da titular, a Don José María Rosende Rico.

Desta resolución que entrará en vigor o día de hoxe, darase conta ao Pleno da Corporación e notificarase aos interesados. Así mesmo, publicarase no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do que dispón o artigo 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.D. 2568/1986, de 28 de novembro).”

**Decreto da Alcaldía, de data 4 de xuño de 2014:**

“Tendo coñecemento esta alcaldía das renuncias producidas no seo da Corporación municipal e para garantir a tramitación ordinaria dos diversos expedientes administrativos; tendo en conta así mesmo os artigos 14 da Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, así como o artigo 124 da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 31 e seguintes do Regulamento Orgánico do Goberno e da Administración do Concello de Santiago de

Compostela (BOP 6/03/2012) e ata en tanto non se produza unha nova delegación de competencias, si é o caso,

Resolvo:

Avocar por esta alcaldía, recuperando as competencias que por min se delegaron ata o momento nos concelleiros: Don José Luis García Bello, Dona Cecilia Sierra Rey e Dona María Amelia González Brandariz.

Recuperar as competencias delegadas por esta alcaldía nos concelleiros: Don Francisco Javier Noya Iglesias, Dona María de los Ojos Grandes Pardo Valdés, Dona María Castelao Torres, Don Adrián Varela Sarandeses, Dona Rebeca Domínguez Iglesias e Don Juan de la Fuente Fuentes; que se delegan a súa vez na concelleira Primeira Tenente de Alcalde, Dona Reyes Leis Rodríguez.

Desta resolución que entrará en vigor o día de hoxe, darase conta ao Pleno da Corporación e notificarase aos interesados. Así mesmo, publicarase no BOP, en cumprimento do que dispón o artigo 445 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (RD 2568/1986, de 28 de novembro).”

#### **4. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

Dáse conta das resolucións da alcaldía e das concellarías ditadas no período que abrangue do 12 ao 30 de maio de 2014 (núms. 3428 ao 3988).

Dáse conta tamén das seguintes actas da Xunta de Goberno:

Sesión ordinaria do día 8 de maio de 2014 (núm. 30).

Sesión ordinaria do día 15 de maio de 2014 (núm. 31).

Sesión extraordinaria e urxente do día 16 de maio de 2014 (núm. 32).

Sesión ordinaria do día 22 de maio de 2014 (núm. 33).

Sesión extraordinaria e urxente do día 23 de maio de 2014 (núm. 34).

Sesión ordinaria do día 28 de maio de 2014 (núm. 35).

#### **5. ROGOS E PREGUNTAS.**

##### **ROGOS E PREGUNTAS DO BNG.-**

##### **ROGOS.-**

1. Rexistro de entrada do día 17 de xuño de 2014, núm. 124, solicitando a adopción de medidas para restaurar as condicións de uso da rúa Raxoi e que se proceda a retirada do material que invade a praza de San Clemente.

2. Rexistro de entrada do día 19 de xuño de 2014, núm. 133, solicitando se dea solucións aos problemas de mantemento dos CEIPS e das escolas infantís.

#### **PREGUNTAS.-**

1. Rexistro de entrada do día 6 de xuño de 2014, núm. 112 (para a súa resposta por escrito), relativa ao acordo da Xunta de Goberno de 16 de maio de 2014, en función do que quedaba excluído o uso dos centros socioculturais por parte dos partidos políticos.

2. Rexistro de entrada do día 9 de xuño de 2014, núm. 113 (para a súa resposta por escrito), en relación as medidas adoptadas en relación as sentenzas desfavorables aos intereses municipais en relación aos traballadores dos centros socioculturais.

3. Rexistro de entrada do día 9 de xuño de 2014, núm. 114 (para a súa resposta por escrito), en relación as obras na rúa Cima da Eira.

4. Rexistro de entrada do día 16 de xuño de 2014, núm. 123 (para a súa resposta por escrito), en relación ao uso de herbicidas por parte do concello en rúas, prazas, alcouves e, en xeral, en espazos públicos.

5. Rexistro de entrada do día 19 de xuño de 2014, núm. 132 (para a súa resposta por escrito), en relación ao valado do Parque de Galeras.

#### **ROGOS E PREGUNTAS DO PSdeG-PSOE.-**

#### **ROGO.-**

1. Rexistro de entrada do día 12 de xuño de 2014, núm. 28667, solicitando que se estuden as posibilidades para unha achega ao club de baloncesto Cluny.

#### **PREGUNTAS.-**

#### **Preguntas resposta oral:**

1. Rexistro de entrada do día 18 de xuño de 2014, núm. 127 (para a súa resposta oral), relativa á falta de actividade na escola de Aríns.

**2. Rexistro de entrada do día 18 de xuño de 2014, núm. 128 (para a súa resposta oral), na que preguntan que facía o día 15 de maio no barrio de Salgueiriños un vehículo de Protección Civil descargando propaganda electoral do Partido Popular.**

**3. Rexistro de entrada do día 18 de xuño de 2014, núm. 129 (para a súa resposta oral), en relación a non actualización das declaracións de bens de membros desta corporación e dos habilitados nacionais.**

**4. Rexistro de entrada do día 18 de xuño de 2014, núm. 130 (para a súa resposta oral), relativa a desconvocatoria da celebración da actividade da policía local.**

**Preguntas resposta escrita:**

**1. Rexistro de entrada do día 13 de xuño de 2014, núm. 119 (para a súa resposta por escrito), relativa á situación na que quedou a zona da Carballeira de Santa Susana despois das festas da Ascensión.**

**2. Rexistro de entrada do día 18 de xuño de 2014, núm. 126 (para a súa resposta por escrito) relativa ao proxecto de modificación de viarios e reforma de accesos ao aparcamento sito na rúa Galeras e Domingo García-Sabell.**

Di o Sr. Alcalde que hai un primeiro rogo do Bloque Nacionalista Galego, referido á adopción das medidas necesarias para restaurar as condicións de uso da rúa de San Clemente.

Dona Elvira Cienfuegos expón que a rúa Raxoi, situada nas inmediacións da Praza do Obradoiro, é moi utilizada pola veciñanza e visitantes debido á súa situación. Estivo varias semanas coas obras paralizadas, interferindo así o tránsito peonil e ofrecendo unha imaxe de abandono moi pouco acaída.

Sinala que o Bloque Nacionalista Galego formulou un rogo a semana pasada para que se restauraran as condicións de uso desta rúa, en tanto non se retomaran as obras, recordando así a aprobación en Xunta de Goberno da redacción dunha modificación do proxecto.

Relata que a pesar de que as obras foron reiniciadas tres semanas despois da aprobación do proxecto, o día 21, eles continúan a soster este rogo, baseándose no aumento de afluencia de turistas e visitantes nos meses de verán, e coincidindo coas festas do Apóstolo, co fin de manter as rúas coas obras rematadas ou sen rematar nas axeitadas condicións de imaxe e uso.

Dona Reyes Leis Rodríguez sinala que o feito de que as obras, xa restablecidas, estivesen paradas, obedece a dous motivos: o primeiro facía referencia a como fixar un muro que xeraba unha situación precaria aos cidadáns que pasaban pola rúa, co obxectivo de afianzalo e mantelo seguro.

Por outra banda, di que se xerou algún problema referente á conexión da rede eléctrica, imposibilitando así a continuación das obras, reiniciadas xa fai uns días.

Di que, evidentemente, a situación da rúa é algo que lles preocupa, pero que tamén preocupa, sobre todo, a seguridade. Entende así que o prazo de tempo de dúas semanas foi máis que razoable, aínda que isto supuxera a paralización das obras. Destaca que ámbolos dous problemas se resolveron.

Dona Elvira Cienfuegos expón a seguir un rogo do grupo municipal do BNG para a adopción de solucións aos problemas de mantemento dos CEIPS e das escolas infantís.

Como xa ten feito o seu grupo noutras ocasións, lembra que as actuacións de mantemento e reparación dos centros públicos de infantil e primaria é obriga dos concellos, e o de Santiago veu desatendendo sistematicamente ditas necesidades, xerando un conseguinte malestar nas comunidades educativas. Isto provocou que foran sufrindo un agravamento das condicións de desenvolvemento da súa actividade, sen encontrar no concello máis que promesas que seguen sen materializarse.

Recorda que tamén é obriga do concello atender ao mantemento das escolas de educación infantil da rede do Consorcio de Igualdade e Benestar.

Á vista da falta de accións municipais, di que o BNG rexistrou o pasado xoves día 19 de xuño un rogo para a súa execución inmediata.

Apunta que o día 24 os medios de comunicación recollían os acordos dunha reunión municipal celebrada o día 23, na que se reducía o anunciado plan de acción valorado en máis de 300.000 euros. Polo tanto, as actuacións nos centros de infantil e primaria representarían uns 70.000 euros, cantidade claramente insuficiente para dar resposta aos deterioros acumulados.

O mantemento nas adecuadas condicións dos centros educativos ha de ser unha prioridade para os concellos, pola importancia que a educación debe ter para as distintas administracións; tamén pasa na local. O período vacacional é o momento máis apropiado para acometer actuacións de mantemento, reparación, reforma, ampliación, ou mellora. Así pois, indican con preocupación que, rematadas as clases, aínda non está

listo para a súa execución o plan de obras municipal que por parte dos centros se veu demandando insistentemente.

Á vista de todo o exposto, o BNG roga que se emprenda de inmediato o conxunto de actuacións pertinentes para dar solución ás necesidades de mantemento que presentan os CEIPS e as escolas infantís da rede do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar. Sinala que tamén deben incluírse neste marco solucións para a mellora da seguridade no uso do autobús escolar no CEIP de Roxos, xa que o alumnado ten que acceder ao autocar dende a propia calzada. Apunta que tanto o concello como a consellería coñecían esta situación polas súas visitas ao centro, e indica a existencia dunha parcela pública anexa ao lugar de parada do autobús, que podería servir como solución transitoria a un problema que xera unha situación de risco cada día.

Finalmente, Dona Elvira Cienfuegos pide que estas solucións deixen de demorarse tan incomprendiblemente como ata agora e se leven a cabo antes do vindeiro inicio do curso escolar, xa que os meses de verán supoñen un período idóneo para facer realidade as promesas do grupo Popular.

Dona Reyes Leis Rodríguez retruca que debe puntualizar unha información que non é como ven de comentar dona Elvira. Nesa rolda de prensa díxose que o plan de actuacións nos colexios ascende só a 150.000 euros, pero iso non é así, xa que esa cantidade destinarase ás actuacións de mantemento. A empresa que se encargará do mantemento dos colexios para axilizar estes problemas, sobre todo en relación coas chuvias na tempada de inverno, está en proceso administrativo de contratación.

Apunta que a Brigada de Vías e Obras asiste dende fai varios días con dous equipos a centros que fixeron chegar as peticións ao departamento de educación a través dunha lista. Recorda que o departamento de educación, urbanismo, da brigada, e ela mesma, se reuniron catro veces a última semana para dar prioridade ás obras de interior e facelas o antes posible, servíndose para isto de orzamento municipal.

Sinala arranxos a modo de exemplo: proporcionar cuberta á gardería de Tras Parlamento; a ludoteca de Fontiñas; ou a climatización da gardería que construíu a oposición, na que os nenos e nenas pasan agora demasiada calor.

Recoñece a evidente preocupación polo mantemento deses colexios, e de aí que se leve a cabo un plan como o sinalado anteriormente. Ademais, destaca que a propia brigada, dende fai dous meses, está a desprazarse polos colexios co fin de ver que reparacións se precisan en cada un deles, comezando pola carpintería. Tamén recalca que o equipo acometerá ditas obras este verán, e que xa ten as partidas orzamentarias elaboradas polo interventor para poder comprar os materiais oportunos e comezar con estas actuacións o antes posible. Afirma que neste estío se farán a meirande parte das intervencións,



establecendo prioridade naquelas que teñan que levarse a cabo sobre o exterior, para non impedir o comezo do curso con normalidade.

Don Gonzalo Muños Sánchez expón un rogo do grupo municipal do PSdeG-PSOE, en relación coas posibilidades orzamentarias para unha achega ao club de baloncesto Cluny.

Di que as deficiencias da nova lei de deportes están a levar a unha crítica situación ao club de baloncesto Cluny, asociación con trinta e nove anos de historia e importante para a canteira de baloncesto compostelán. Apunta que na actualidade dito club conta con vinte e dous equipos, integrados por máis ou menos 220 xogadores e xogadoras.

O grupo ten problemas económicos serios, como os derivados dos custos que deben sufragar para a formalización dos contratos laborais dos adestradores, ou o déficit que ven arrastrando nas súas contas, situación que está levando aos responsables da entidade a valorar a continuidade dos equipos júnior e sénior.

A seguir procede a dar lectura a dito rogo.

Dona Reyes Leis Rodríguez recorda que o concello tivo unha reunión co secretario do club, co obxectivo de coñecer cal é a súa situación económica. O que se amosou foi que a propia dirección do centro apuntou a imposición dunha serie de condicións que non se están a cumprir na asociación, tanto no tocante ás débedas asumidas, como nos temas laborais.

Así pois, concello estudará unha posible intervención económica para manter dito club tan importante para a cidade, tendo en conta para determinar esta colaboración, tanto o rogo exposto como a comunicación por parte da dirección do círculo sobre cal será o destino do mesmo nos próximos meses.

Toma a palabra a continuación Dona Marta Álvarez-Santullano, que formula unha pregunta en nome do grupo socialista sobre a festividade da policía local. Cuestiona cal foi o motivo polo que se desconvocou a festa de todos os membros da policía local o pasado 14 de xuño. A suspensión de dita celebración foi anunciada nos taboleiros das comisarías, indicando que se levaba a cabo por motivos alleos á xefatura da policía local.

O Sr. Alcalde argumenta que con motivo de unificar o patrón das policía locais de Galicia, a Xunta adoptou o acordo de que a festividade pasase a ser o mesmo día para estes profesionais en toda Galicia. Debido a isto pensouse noutra data, concretamente a festividade do 24 de maio, pero por ser o día 25 as eleccións ao Parlamento Europeo non se fixou nesta data. Consecuentemente, acabou acordando a xornada do 14 de

xuño para levar a cabo tal celebración, pero por problemas de axenda tampouco se puido cumprir. Así pois, consultado co inspector xefe da policía local, José Manuel Traba, chegouse á conclusión de aprazar a conmemoración para outra data posterior.

Dona Rosario Valledor formula a segunda pregunta do grupo socialista, referente aos motivos da ausencia de actividades formativas para desempregados no centro de Aríns. Apunta que o concello de Santiago de Compostela ten o índice de paro de Galicia máis alto despois de Ferrol, sendo este un dato obxectivo que non se pode obviar, e di que as políticas activas de emprego son competencia da Xunta de Galicia. O actual goberno da Xunta está a facilitarlle ao concello de Santiago de Compostela todos os recursos que solicita. Deste xeito, pese a que no ano 2013 se aprobou un obradoiro de emprego que non tivo moito éxito, non houbo ningunha obxección dende a administración autonómica en conceder outro obradoiro para o ano 2014.

Indica que no que se refire aos plans integrados de emprego acontece o mesmo. Non só se lles conceden cada ano, senón que ademais son prorrogados ata que conseguen os seus obxectivos. En definitiva, aínda coa vontade da Xunta de conceder cursos de formación do Plan AFD, o concello de Santiago de Compostela quedou sen ningún curso para a escola de Aríns.

Sinala que esta é unha mostra máis da falta de capacidade do goberno do señor Currás, e supón que a señora Leis dará unha resposta seguramente maquillada. A pesar de todo, afirma que a realidade é que o goberno do concello de Santiago de Compostela non funcionaba antes nin funciona agora; e o que é peor, seguramente tampouco funcionará nun futuro próximo. Remata a súa intervención coa pregunta inicial: o por que da ausencia de actividades formativas para desempregados no centro de Aríns.

Dona Reyes Leis Rodríguez replica que, en primeiro lugar, a resposta que dará é sobre datos obxectivos, polo que a maquillaxe á que se refire a oposición é un comentario particular. Prega que se respecte o asunto do que se está a falar, xa que sobre a situación dos desempregados non é oportuno mofarse.

Di que o que lle preocupa é o número de parados que hai, pero tamén que está satisfeita cos datos que se están a ter nestes momentos. Datos favorables que obedecen á recuperación nos últimos meses da cidade no tocante ao paro, grazas ao fomento da contratación.

En canto ao obradoiro de emprego, afirma que non é que non houbera colocación para as vinte e catro persoas que fixeron ese obradoiro, dado que os contratos dos traballadores de dito seminario foron depositados polo propio técnico de emprego, que pode contrastar esta información.

Recalca que o obradoiro de emprego non é nin moitísimo menos algo que desprestixiar, porque para as vinte e catro persoas que o fixeron e para as vinte e catro que o van facer agora, é unha oportunidade fantástica de reconducir a súa situación de desemprego. Por outra banda, non admite que a opinión contraria faga unha valoración tan superflua e tan desalentada, resaltando que o que se lles dá aos desempregados son oportunidades de formación práctica. Insiste na eficacia do obradoiro de emprego e na forma pola que a través del a xente traballa, aprende un oficio, e procura un futuro. Finalmente, conclúe relatando que si se tivo actividade en Aríns ata o 30 de abril deste ano, e asegura que haberá actividade a partir de xullo, porque é cando se aproban as subvencións da Xunta, e cando, consecuentemente, se pode aplicar esa formación.

A seguinte pregunta do grupo socialista versa sobre por que na páxina web do concello hoxe en día non están actualizadas as declaracións de bens dos membros desta corporación.

Dona Marta Álvarez-Santullano explica que na páxina web do concello están publicadas, dende principio deste mandato, as declaracións de bens de toda a corporación municipal e habilitados nacionais. Indica que tres anos despois puido observarse que hai compañeiros e compañeiras tanto do grupo popular como do grupo socialista, e mesmo habilitados nacionais, que hoxe xa non están sentados na corporación, polo que non entende por que este rexistro non foi actualizado aínda.

O Sr. Alcalde resposta argumentando que, en efecto, falta por actualizar algúns deles, e esta información será solicitada proximamente, aínda que outros concelleiros que abandonaron a corporación están presentando actualmente a súa actualización, como María Pardo, Francisco Noya, Luís Bello, Juan de la Fuente e Amelia González.

Na última pregunta, o grupo socialista pide explicación sobre un vehículo da protección civil, que o pasado 15 de maio estaba no barrio de Salgueiriños.

Dona Marta Álvarez-Santullano refírese con esta cuestión a que no período electoral das eleccións europeas do pasado mes de maio o grupo socialista recibiu chamadas do barrio de Salgueiriños comunicando que había un vehículo de protección civil do concello de Santiago baixando propaganda electoral do Partido Popular. O interrogante simplemente alude a se o grupo popular coñecía tal situación.

O Sr. Alcalde afirma non ter constancia de que se realizaran os feitos aos que se alude, polo que o primeiro que se debería facer sería presentar probas, e unha vez aportadas, serían remitidas á secretaría-asesoría xurídica, a través da cal se procedería axeitadamente.

## **6. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓN PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.**

### **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.-**

**1. Rexistro de entrada do día 11 de xuño de 2014, núm. 116, para superar o modelo institucional do estado español e recoñecer o dereito a decidir.**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O pasado 2 de xuño coñecemos a noticia da abdicación do xefe do Estado español, o rei Juan Carlos I, e a proposta de continuidade do anacrónico réxime monárquico que padecemos. A monarquía é un réxime incompatible cun sistema democrático, un réxime "vitalicio" e "hereditario" establecido "pola graza de Deus" e que supuxo, no caso español, a continuidade co franquismo. Por outra parte, existe nestes momentos unha fonda desafección a unha monarquía inmersa en escándalos de corrupción, con prácticas profundamente antidemocráticas e que deixan en evidencia o seu papel de simples vividores a custa da cidadanía.

Estamos a asistir a unha operación de cosmética para salvar o réxime, sabedor de estar sendo cuestionado pola inmensa maioría da poboación que non se identifica nin se sente representado pola familia real. Nesta conxuntura, ao BNG non lle vale unha simple mudanza de caras que dean continuidade ao réxime unitario e centralista deseñado na Transición e perpetúen a monarquía como símbolo e garante desa unidade. O que a cidadanía galega precisa é liberdade e capacidade para decidir. E nese espazo verdadeiramente democrático, onde se garanta o dereito de autodeterminación dos pobos, non ten cabida ningún rei. Por todo isto, xulgamos importante que se inicie un proceso constituínte, baseado na soberanía dos pobos, onde Galiza sexa referente político.

Nos últimos anos asistimos a un proceso de recentralización política que mingua, aínda máis, a capacidade da Galiza para decidir sobre si propia, sobre os seus sectores produtivos, sobre o seu futuro. E isto, en medio dunha non menos profunda crise do sistema político español, que atinxe todas as institucións que o conforman, nomeadamente a monarquía. Foi esta mesma monarquía a que veu funcionando como principal elemento simbólico dun sistema político que nos nega como nación e que impide o noso libre desenvolvemento como pobo.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

### **ACORDO**

Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado español o inicio dun proceso constituínte onde as nacións sexan o referente político, para garantir o dereito de autodeterminación dos pobos que conforman o Estado español recoñecendo o noso dereito a decidir.

## **2. Rexistro de entrada do día 16 de xuño de 2014, núm. 122, a prol dos dereitos das persoas lesbianas, gais, transexuais, bisexuas e intersexuais.**

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, relativa ao Día Internacional polos dereitos das persoas lesbianas, gais, bisexuais, transexuais e intersexuais.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O vindeiro 28 de xuño é o Día Internacional polos dereitos das persoas lesbianas, gais, bisexuais, transexuais e intersexuais, un día que ten que servir para demandar unha maior atención sobre a necesidade de traballar contra a discriminación e de facer visíbel unha realidade plural que moitas veces non existe por ser invisibilizada social e politicamente. Cómpre que a institución municipal desenvolva un labor neste sentido e planifique accións e actividades ao longo de todo o ano, o que non colide co feito de facer patente, de maneira moi especial arredor desta data, o compromiso das institucións públicas para coas reivindicacións da comunidade LGTBI.

Este mesmo ano, o Parlamento de Galiza aprobou a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galiza, unha lei que o BNG apoiou, comprometéndose a afondar nela e a vixiar o seu cumprimento. O BNG é consciente de que esta é unha cuestión a medio e longo prazo, pero tamén unha cuestión que require un maior apoio social e institucional ao movemento LGBTI nun contexto de desigualdade e discriminación.

Por iso o grupo municipal do BNG solicita ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

### **ACORDO**

1. O Concello de Santiago velará pola plena aplicación e desenvolvemento da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galiza, e, neste sentido,
2. O concello de Santiago comprométese a demandar da Xunta de Galiza que

a) de xeito urxente dote o Servizo de apoio e mediación LGTBI, en particular a posta en marcha da liña de atención telefónica permanente ou calquera outra medida análoga para atender todos os casos de consulta, asesoramento ou denuncia de calquera tipo de agresión neste ámbito.

b) Estableza as medidas precisas para garantir que a consellaría competente en materia de cultura impulse e apoie as producións culturais que inclúan a realidade LGTBI e potencie referentes positivos da homosexualidade, bisexualidade, transexualidade e intersexualidade.

c) Implante mecanismos efectivos de colaboración para garantir a implicación de todos os poderes públicos.

3. O concello de Santiago comprométese así mesmo a colaborar coa Xunta de Galiza na aplicación efectiva da citada Lei 2/2014 así como coas asociacións, organizacións, colectivos e entidades, para garantir que a práctica deportiva e de actividade física en Galiza se desenvolva en termos de igualdade e sen ningunha discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero.

4. O Concello de Santiago instalará o 28 de xuño, con motivo da celebración do Día Internacional polos dereitos das persoas lesbianas, gais, bisexuais, transexuais e intersexuais, a bandeira multicolor deste colectivo nun lugar ben visíbel do Pazo de Raxoi ou dun edificio municipal emblemático.

## **MOCIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE.-**

### **1. Rexistro de entrada do día 10 de xuño de 2014, núm. 115, relativa a Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia.**

A recén aprobada Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia, está a causar importantes conflitos ás tradicionais comisións de festas dos barrios e parroquias, xa que o cumprimento desta norma obriga aos organizadores das festas a presentar proxectos de seguridade e instalacións, ademais de contratar os seguros correspondentes.

Esta Lei aprobada polo PP o que fai é xerar problemas onde non os había, un triple problema, xa que ademais de afectar ás comisións de festas non profesionais, que realizan un traballo de xeito altruista, tamén supón un importante prexuízo para os profesionais deste sector, como orquestras, grupos musicais, axentes de espectáculos, feireantes, hostalería local, pirotécnicas, etc., e a isto debemos engadir que esta medida

desproporcionada supón unha nova carga de traballo para os concellos, nun momento no que as administracións locais sofren recortes económicos e de persoal.

Por todo isto é polo que o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación para a súa aprobación a seguinte

### **MOCIÓN:**

**1º-** Instar ao Presidente da Xunta de Galicia a adoptar as medidas precisas para a modificación da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, eliminando do seu texto o disposto no artigo 41, apartado C, no que se refire á obriga ás comisións de festas de obtención de licenza para a celebracións de festexos populares.

**2º-** Dar traslado do presente acordo aos grupos políticos con representación no Parlamento de Galicia, coa finalidade de que adopten as iniciativas pertinentes destinadas a dar cumprimento do acordado.

**2. Rexistro de entrada do día 11 de xuño de 2014, núm. 117, para adoptar, de maneira inmediata, un plan de apoio á alimentación infantil.**

De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Santiago de Compostela desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **Moción:**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A longa crise económica que vimos padecendo, xunto cunha política descontrolada, por parte do Goberno de Rajoy, de recortes sociais e desmantelamento dos servizos públicos básicos e dereitos conquistados nos últimos anos, está a provocar o aumento dramático da pobreza no noso país.

Así o reflicte a Enquisa de Condicións de Vida correspondente a 2013 que publica o Instituto Nacional de Estatística, que indica que un de cada tres cidadáns (o 27,3%) está en risco de pobreza ou exclusión social. As cifras de privación material severa, de baixa intensidade de emprego nos fogares e de pobreza relativa, tamén empeoraron.

Pero o máis grave destes datos é que o risco de pobreza afecta sobre todo aos nenos e nenas. Un recente informe da organización Save The Children cifraba en case tres millóns (2.826.549) as nenas e nenos en situación de pobreza. Dende o Observatorio Social de España sinalan que o noso país encabeza a lista entre os que máis aumentou a pobreza infantil nos últimos anos. En España, a porcentaxe de nenos que viven en

fogares con pobreza extrema, creceu máis de 4 puntos porcentuais desde que empezou a crise, a cifra máis alta de toda a UE, só por baixo de Romanía e Bulgaria.

Os efectos da pobreza infantil son altamente prexudiciais e relaciónanse con problemas de saúde na idade adulta. O impacto da mala nutrición ou a falla de estímulos educativos en idades temperás pode ter consecuencias de difícil e custoso arranxo, comprometendo non só o futuro deses nenos e nenas, senón o de todos, diminuindo a capacidade económica e produtiva do país.

Aínda que existe unha estreita relación entre a situación de pobreza dos nenos e o desemprego dos seus pais ou a perda de renda destes, as políticas públicas ben orientadas poden facer moito pola infancia para contrarrestar os efectos das devanditas situacións de pobreza. Como destaca o último informe da Oficina de Investigación de UNICEF sobre benestar infantil en países ricos, a experiencia acumulada e constatada di que aqueles países que en situacións de crise fixeron maior esforzo en medidas de apoio á infancia (protexer recursos educativos, sanitarios e sociais dirixidos aos nenos e as familias) saíron máis reforzados das mesmas.

A pobreza infantil fíxose máis intensa, aumentando a distancia entre as rendas dos pobres e o limiar da pobreza. Dito doutras formas, e tal como UNICEF Comité Español expuña xa en 2012, cada vez hai máis nenos e nenas pobres e cada vez son máis pobres.

A propia Cruz Roxa, neste mesmo ano 2014, sinalou un aumento en 3.419 menores novos (o 5,8% máis) que a entidade atendeu este ano, e que elevan até 61.792 a cifra total de nenos asistidos pola organización.

A falta de ingresos nos fogares pola profundidade da crise xa está a provocar que moitas familias teñan que acabar recortando en necesidades básicas como a comida. O déficit alimentario afecta o desenvolvemento do menor, ademais de aumentar o risco de sufrir enfermidades respiratorias e cardiovasculares, así como de infeccións. A inseguridade do risco de pobreza ten xa de seu enormes consecuencias no presente e no potencial de desenvolvemento dos nenos, sementando un xerme de desigualdade que irá presentándose no futuro desenvolvemento cara á vida adulta.

Os servizos de comedores escolares permitiron mitigar esta realidade durante o curso escolar, pero atopámonos ante un final de curso incerto no que esta necesidade pode quedar desatendida ao pechar o centro escolar, e por tanto o servizo de comedor.

É por todo iso que os Socialistas consideramos que este servizo directo de atención no comedor debe manterse en etapas de vacacións escolares, mediante un Plan específico.



Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Santiago de Compostela somete a votación a seguinte **MOCIÓN** para que se aproben os seguintes **ACORDOS**:

1. Instar ó Goberno Municipal a poñer en marcha, de maneira inmediata, un “Plan de Apoio á Alimentación Infantil” que conteña as medidas e recursos suficientes para garantir que as familias con menores ao seu cargo, que se atopen en situación de necesidade teñan cubertas as súas necesidades básicas de alimentación, e garantir o acceso dos menores, polo menos, a tres comidas diarias, e facilitar o acceso a unha dieta o máis equilibrada posible para evitar problemas de malnutrición infantil; habilitando para iso todos os medios a disposición das administracións públicas, en colaboración coas entidades do terceiro sector, e tendo en conta a contorna familiar e o plan escolar.

2. Instar ó Goberno Municipal a fin de que este plan inclúa os mecanismos e actuacións necesarias para que, dende a finalización do curso no mes de Xuño de 2014, estean dispoñibles servizos de comedor infantil nos centros escolares.

**3. Rexistro de entrada do día 18 de xuño de 2014, núm. 125, en relación á atención hospitalaria, listas de espera e peche de camas que afectan á sanidade pública na nosa cidade.**

A Xunta de Galicia ten unha importante materia pendente coa nosa cidade desde o inicio da pasada lexislatura no que atinxe á construción dos centros de saúde de Galeras e Conxo e á execución do plan Director do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago e a unha prestación de servizos axeitada á poboación asentada na capital de Galicia e na súa área sanitaria.

Ademais, os recortes levados a cabo pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia están a pór en perigo a calidade asistencial do sistema sanitario no noso municipio. Referímonos a unha redución do 12,7% do capítulo de persoal para o exercicio orzamentario de 2014 con respecto ao último orzamento progresista de 2009, ás xubilacións de todos os facultativos que cumpriron 65 anos e á diminución do orzamento para persoal laboral temporal, é dicir as substitucións de persoal na área integrada de Santiago.

Non debemos esquecer que o Complexo Hospitalario de Santiago atende a 396.505 habitantes da área sanitaria de Santiago e é referente para os 740.904 habitantes da rexión sanitaria centro e, para iso, presenta unha oferta de recursos consistente en tres hospitais médico-cirúrxicos que engloban 1.091 camas en funcionamento e 4.077 traballadores sanitarios e non sanitarios que prestan os seus servizos no CHUS.

Na área sanitaria de Santiago a cidadanía vén observando como o gasto público en atención primaria e do CHUS recollido nas leis de orzamentos de 2010, 2011, 2012,

2013 e 2014 da Xunta foi diminuindo, o que provocou unha espera media cirúrxica a 31 de marzo de 2013 de 69,6 días, por riba da espera media do SERGAS. Nestes momentos, na área sanitaria de Santiago hai 30.369 persoas á espera dunha intervención cirúrxica, unha primeira consulta diagnóstica ou unha proba complementaria de diagnóstico.

Esta situación deteriorarase aínda entre os meses de xuño a setembro, debido ao peche anunciado de 250 camas entre o 15 de xullo e o 16 de setembro. Nese período, que coincide coas vacacións da maioría do persoal, non estarán operativas 38 camas no Clínico (18 de pediatría e 20 de cirurxía xeral e dixestivo), 161 no hospital xeral de Conxo (88 de cirurxía, 44 de medicamento interno, 24 de pneumoloxía e 5 de coidados intensivos e reanimación); e 51 no Gil Casares (42 de medicamento interno e dermatoloxía e 9 da unidade de media estancia e coidados paliativos). Desas camas, 75 (as 51 do Gil Casares e as 24 de pneumoloxía de Conxo), permanecerán bloqueadas do 1 de xuño ao 15 de outubro; catro meses e medio.

Estas 250 camas representan o 22,9% do total de camas en funcionamento no Complexo Hospitalario de Santiago, e significa un número de camas igual á suma das instaladas nos hospitais do Barbanza, Virxe da Xunqueira e Salnés xuntas.

O impacto na asistencia sanitaria hospitalaria que o peche de tan importante número de camas vén significar para a nosa área sanitaria, evidénciase cando, por aplicación da fórmula de Briegman para o cálculo do número de ingresos potenciais atendendo a un índice de ocupación do 82,2%, unha estancia media global de 9,54 días, segundo os datos da última Memoria de xestión do CHUS publicada polo Servizo Galego da Saúde.

O número de camas pechadas este verán polo devandito Complexo Hospitalario obsérvase que nos meses de xuño a setembro, deixaránse de ingresar 1.598 enfermos, o que supón o 24% dos pacientes en lista de espera estrutural cirúrxica do Complexo.

A crise económica non pode converterse nunha excusa para esta situación, pois non son admisibles baixo ningún concepto os recortes en gasto sanitario que a área de Santiago leva sufrindo ao longo desta lexislatura de goberno conservador. O atraso na execución das infraestruturas comprometidas coloca a esta cidade nunha situación de desvantaxe respecto doutras cidades galegas que, entre outras cousas, si contan coa execución dos plans directores dos seus hospitais recollida no orzamento do SERGAS a execución dos plans directores dos seus hospitais.

En atención a todo o anterior, propomos a adopción do seguinte:

## **ACORDO**

Único.- Instar á Xunta de Galicia para que dote o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, de forma inmediata, dos medios necesarios e do persoal que sexa preciso para manter en funcionamento, durante o período estival, o número total de camas que permita reducir, de forma significativa, tanto a lista como o tempo de espera de hospitalización na área de Santiago.

#### **4. Rexistro de entrada do día 23 de xuño de 2014, núm. 134, con motivo do día internacional do orgullo LGTB-2014.**

O Grupo Municipal Socialista, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta **MOCIÓN**, en base a seguinte:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O 28 de xuño conmemóranse en todo o mundo as revoltas de Stonewall en 1969 no Greenwich Village de Nova York, acontecemento do que este ano se conmemora o 45 aniversario, e que supuxo o nacemento do movemento de liberación gai, lésbico, transexual e bisexual (LGTB), e que se celebra en todo o mundo como o Día do Orgullo LGTB. Unha conmemoración nada da rebelión cidadá contra a inxustiza, a discriminación, a fustigación e a constante persecución social e policial, e que deu orixe a un movemento polos dereitos civís e os dereitos sexuais en todo o mundo.

Este ano 2014 foi dedicado polas organizacións de lesbianas, gais, transexuais e bisexuais españolas ao “Recoñecemento dos Dereitos Humanos das persoas LGTB no mundo”, dado que a orientación sexual e a identidade de xénero segue sendo obxecto de persecución legal en moitos países como pon de manifesto os informes de ILGA e de Amnistía Internacional, que sinalan que a homosexualidade está perseguida en 76 países, e castigada con pena de morte en Arabia Saudita, Irán, Iemen, Mauritania, Sudán, Afganistán e algúns estados de Somalia e Nixeria, e recentemente, Brunei sumouse á ignominiosa lista de países que condenan á morte ás persoas homosexuais.

En Europa, Rusia viola constantemente os dereitos humanos das persoas lesbianas, gais, transexuais e bisexuais (LGTB) perseguindo incluso o seu dereito de manifestación e de liberdade de expresión. En África proliferan as lexislacións contra as persoas homosexuais e defensores dos dereitos humanos das persoas LGTB, con especial virulencia en Nixeria, Uganda e Camerún. Estas lexislacións veñen impulsadas pola ignorancia, o prexuízo e o integrista relixioso que cada vez cobra un maior protagonismo nestes países.

Ante estas violacións de Dereitos Humanos das persoas LGTB no mundo, non podemos permanecer impasibles, e así o demanda unha cidadanía que esixe unha intervención clara, decidida e eficaz das súas institucións fronte á persecución e penalización lexislativa daqueles países que violan os dereitos humanos, perseguindo tanto as relacións consentidas entre adultos do mesmo sexo como ás organizacións de defensa dos dereitos humanos das persoas LGTB e aos propios defensores destes dereitos humanos.

Por todo iso, este Concello en Pleno de Santiago de Compostela, a proposta do GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, **ACORDA:**

- Manifestar o seu apoio á celebración do Orgullo LGTB, día Internacional polos Dereitos de Lesbianas, Gais, Transexuais e Bisexuais, e a conmemoración do 45 aniversario da súa celebración, e como mostra deste apoio, colocar a bandeira do arco da vella no balcón do consistorio o próximo **28 de xuño**.
- O apoio do Concello ao 2014 como “Ano polo Recoñecemento dos Dereitos Humanos das persoas LGTB”, instando o goberno municipal a que colabore cos traballos e actividades que se desenvolvan por parte das organizacións de lesbianas, gays, transexuais e bisexuais (LGTB) do noso municipio.
- Manifestar a súa rotunda condena a calquera lexislación que criminalice ás persoas lesbianas, gays, transexuais e bisexuais e aquelas que perseguen aos defensores dos dereitos humanos das persoas LGTB en todo o mundo.
- Instar o Goberno Español a que realice as xestións diplomáticas oportunas para pedir da Comisión Europea e dos nosos socios europeos unha condena enérxica das lexislacións contra as persoas LGTB e os defensores dos dereitos humanos LGTB en calquera parte do mundo.
- Instar o Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación a que traslade a condena e repulsa do Goberno Español contra estas lexislacións, solicitando a súa inmediata retirada.
- Instar o Goberno de España a que estableza un protocolo que garanta unha especial atención nas nosas delegacións diplomáticas aos procedementos e solicitudes de asilo e refuxio das persoas procedentes daqueles países onde as persoas son perseguidas pola súa orientación sexual e identidade de xénero e/ou polo seu defensa dos dereitos humanos de lesbianas, gays, transexuais e bisexuais.

O Sr. Alcalde sinala que en primeiro lugar se someterá a votación a toma en consideración da urxencia das mocións do PSdeG-PSOE.

En relación coa moción referida ás medidas precisas para a modificación da Lei 9/2013, de 19 de decembro, da promoción e competencia económica de Galicia, don José A. Baqueiro Canabal di que ten o fin de instar á Presidencia da Xunta a modificar a Lei 9/2013, de 19 de decembro, de promoción e competencia económica de Galicia. Nela solicítase a eliminación do artigo 41 apartado c), que fai referencia á obriga das comisións de festas de obter licenza para a celebración de festexos populares.

Este requisito afecta tamén ás comisións de festas non profesionais, que realizan un gran labor de xeito altruista, nos concellos e parroquias de Galicia; e tamén aos profesionais, orquestras, aos grupos de música tradicional, axentes de espectáculos, feirantes, pirotecnias, e tamén á hostalería. Estase a falar de máis de seis mil festas, que producen catro mil empregos no verán, e que teñen unha facturación duns vinte e seis millóns de euros en total.

Engade que ao longo das festas de verán trescentas orquestras recorren Galicia, ao igual que grupos de música tradicional que animan cada unha das parroquias galegas.

Finalmente recalca que ao acadar un acordo entre a Dirección Xeral de Administración Local e a Federación Galega de Municipios e Provincias, e unha vez lle foi notificada aos concellos unha rebaixa das condicións esixidas, o grupo municipal socialista decide retirar esta moción.

O Sr. Alcalde sinala que queda retirada esta moción do grupo socialista.

A segunda moción que defende o grupo socialista ten como obxectivo adoptar de maneira inmediata un plan de apoio á alimentación infantil.

Don Gonzalo Muíños argumenta que coa longa crise económica que se está a padecer, xunto cunha política descontrolada por parte do goberno de Rajoy de recortes sociais e de desmantelamento dos servizos públicos básicos conquistados nos últimos anos, estase a provocar o aumento dramático da pobreza no noso país.

Os efectos da pobreza infantil son altamente prexudiciais e relaciónanse con problemas de saúde na idade adulta. O impacto dunha mala nutrición e unha falla de estímulos educativos en idades temperás pode ter consecuencias de difícil e custoso arranxo, comprometendo non só o futuro deses nenos e nenas, senón tamén o de todos, diminuindo a capacidade económica e produtiva do país.

Alude a que aínda que existe unha estreita relación entre a situación de pobreza dos nenos e o desemprego dos seus pais, ou a perda de renda destes, as políticas públicas ben orientadas poden facer moito pola infancia para contrarrestar os efectos das devanditas situacións de pobreza.

Afirma que os servizos de comedores escolares permitiron mitigar esta realidade durante o curso escolar, pero agora atópanse ante un final de curso incerto no que esta necesidade pode quedar desatendida ao pechar o centro escolar, e polo tanto, o servizo de comedor.

E por todo iso di que o grupo socialista considera que este servizo directo de atención no comedor debe manterse en etapas de vacacións escolares a través dun plan específico.

A continuación dá lectura á parte dispositiva da referida moción.

Sometida a votación a toma en consideración da urxencia da moción referida ao plan de apoio á alimentación infantil, esta queda rexeitada por 12 votos a favor correspondentes aos membros dos grupos municipais socialista e do BNG, e 4 votos en contra, correspondentes aos membros do grupo municipal do Partido Popular, ao non acadar o quórum esixido da maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

A seguir sométese á consideración do pleno a moción referida á atención hospitalaria, listas de espera e peche de camas que afectan á sanidade pública na cidade de Santiago de Compostela.

Don Francisco Reyes di que non dubida do coñecemento dos presentes sobre organismos internacionais como a OMS, ou asociacións científicas do noso país, como a Sociedade de Medicina Familiar e Comunitaria (SMC). Estes entes publicaron informes amosando a incidencia da oferta de recursos sanitarios cara a satisfacción da demanda de servizos asistenciais baseada nas necesidades dos doentes.

Incide tamén en que profesionais do ámbito da economía da saúde teñen sinalado a importancia das camas hospitalarias como instrumento para produción de servizos sanitarios. Neste contexto, o que preocupa é o novo peche de camas no complexo hospitalario universitario de Santiago para este período estival.

Apunta que este ano incomunicáranse duascenas cincuenta e seis camas do complexo, o que significa o 23,4 por cento do total de camas en funcionamento e un incremento do 119 por cento respecto do peche do ano 2008, último verán cun goberno progresista en Galicia.

Argumenta que o número de camas clausuradas este estío é máis que o número total das dos hospitais de Cee, Ribeira e Vilagarcía, cuns 6659 doentes en lista de agarda cirúrxica, e unha demora media de 69,6 días por enriba da media da Comunidade Autónoma. Dende o 2009, a demora asistencial media foi superior o 30 de setembro e o 30 de xuño, tanto en cirurxía como en consultas.

Di que ao estar rematando agora o mes de xuño, e sabendo que o peche de camas comeza o 15 de xullo ata o 16 de outubro, o grupo socialista considera urxente volver a debater o contido da moción do grupo municipal socialista de Santiago en relación co peche de camas previsto para o verán no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, así como a aprobación da resolución proposta.

Queda rexeitada a toma en consideración da urxencia desta moción por 12 votos a favor, correspondentes aos membros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e aos do BNG, e 4 votos en contra, correspondentes aos membros do grupo municipal do Partido Popular, ao non acadar o quórum esixido da maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

A terceira moción do grupo socialista versa sobre o día internacional do orgullo LGTBI 2014.

Dona Mar Martín García argumenta que as organizacións de lesbianas, gais, transexuais e bisexuais españois dedicaron este ano 2014 ao recoñecemento dos dereitos humanos das persoas LGTBI no mundo, dado que a orientación sexual e a identidade de xénero segue a ser obxecto de persecución legal en moitos países, como o poñen de manifesto os informes de Amnistía Internacional, que sinalan que a homosexualidade perséguese en 76 países, e castígase con pena de morte en Arabia Saudita, Irán, Iemen, Mauritania, Sudán, Afganistán e algúns estados de Somalia e Nixeria, e recentemente en Brunei. Continúa argumentando que ante esta violación dos dereitos humanos das persoas LGTBI no mundo, non se pode permanecer impasible.

Remata dando lectura á parte dispositiva da dita moción.

Sometida a votación a moción do grupo socialista relativa ao apoio á celebración do orgullo LGTBI, queda rexeitada a toma en consideración da súa urxencia por 12 votos a favor, correspondentes aos membros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e aos do BNG, e 4 votos en contra, correspondentes aos membros do grupo municipal do Partido Popular, ao non acadar o quórum esixido da maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

A continuación sométese ao pleno as mocións presentadas polo grupo municipal do BNG.

En relación coa moción referida ao modelo de Estado, don Rafael Vilar fai constar que tal día como mañá, 27 de xuño, pero do ano 1931, a nosa cidade foi escenario dun suceso histórico pouco coñecido e mesmo ocultado: a proclamación dunha República Galega. Recorda que este suceso foi precedido dun mitin na Alameda e dunha gran mobilización obreira e popular. Recalca que a mobilización fixo que unha multitude tomase o edificio do Pazo de Raxoi, proclamando así o Estado galego. Di que todo xurdiu como resposta da nova aldraxe que chegaba dende o poder central en Madrid, a decisión do Consello de Ministros da supresión definitiva da construción do camiño de ferro entre Zamora e a Coruña.

Continúa a sinalar que a proclamación desa primeira República Galega tan só durou unhas horas, pero que aí quedou na historia, na historia de Galicia, e na historia desta cidade, como xesto de dignidade e de unidade colectiva do pobo fronte aos abusos do poder central.

Compara que, a diferenza do ano 31, Galicia na actualidade posúe un Parlamento, que non existía; un goberno propio, a Xunta de Galicia; e institucións que dan conta do noso país como unha realidade nacional diferenciada, sempre dentro da estrutura constitucional, carecendo así de soberanía plena para que os galegos e galegas podan gobernar a súa terra.

Continúa deixando a un lado a historia e situándose na Galicia de 2014. Di que no actual Estado español, un Estado no que parece abrirse un novo horizonte poñendo fin ao réxime saído do franquismo, é máis que evidente a crise estrutural que se está a vivir. Unha crise que vai máis alá do puramente económico: hai unha crise social, política, e por suposto, tamén institucional. En definitiva, unha crise do réxime.

Fai constar que a recente abdicación de don Juan Carlos I de Borbón é síntoma da profundidade desta crise do réxime. É lóxico que os cidadáns do Estado español queiran decidir se monarquía ou república, e é lóxico que outros moitos cidadáns vascos, cataláns, e por suposto galegos, tamén queiran decidir cal debe ser a partir de agora a súa relación co Estado.

Apoiándose no pensamento nacionalista, explica que Galicia debe ter o dereito democrático de decidir o seu futuro colectivo e de facelo libremente. Ademais, esa decisión colectiva debe encamiñarse á conformación dun estado propio: a República Galega, unha segunda República Galega.

Unha República Galega como marco de convivencia común, dunha sociedade galega máis xusta, máis aberta e máis libre; máis democrática e máis desenvolvida. De todo isto resulta o sentido desta moción.



Queda rexeitada a toma en consideración da urxencia desta moción por 3 votos a favor correspondentes aos membros do grupo municipal do BNG, 9 abstencións, correspondentes aos membros do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e 4 votos en contra, correspondentes aos membros do grupo municipal do Partido Popular, ao non acadar o quórum esixido da maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

Finalmente sométese a consideración do pleno a moción do BNG relativa aos dereitos das persoas gais, lesbianas, transexuais, bisexuais e intersexuais.

Don Rubén Cela recorda, como ven de comentar fai uns momentos a señora Martín, que o vindeiro sábado 28 de xuño é o Día Internacional dos dereitos das persoas lesbianas, gais, bisexuais, transexuais e intersexuais, un día que ten que servir para demandar unha maior atención sobre a necesidade de traballar contra a discriminación e de facer visible unha realidade plural que moitas veces non existe por ser escondida social e politicamente.

Neste sentido, cómpre que o Concello de Santiago desenvolva un labor nesa dirección e planifique accións e actividades ao longo de todo o ano, como se viña facendo en mandatos anteriores, en coordinación e colaboración con outros organismos, institucións, ou colectivos sociais. Desta forma farase patente, e de maneira moi especial arredor desta data, o compromiso das institucións públicas coas reivindicacións da comunidade LGTBI.

Neste mesmo ano, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, unha lei que o Bloque Nacionalista Galego apoiou, comprometéndose a afondar nela e a vixiar o seu cumprimento. Resalta que o BNG é consciente de que esta é unha cuestión a medio e longo prazo, pero tamén é un asunto que require dun maior apoio social e institucional ao movemento LGBTI nun contexto de desigualdade e discriminación.

Por ese motivo o grupo municipal do BNG quere que o 28 de xuño o concello de Santiago instale a bandeira multicolor deste colectivo nun lugar ben visible do Pazo de Raxoi, ou dun edificio municipal emblemático.

A seguir dá lectura ao contido da moción por eles presentada.

A toma en consideración da urxencia da presente moción queda rexeitada por 12 votos a favor, correspondentes aos membros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e aos do BNG, e 4 votos en contra, correspondentes aos membros do grupo municipal do Partido

Popular, ao non acadar o quórum esixido da maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

Remata a sesión ás dezaeito horas e quince minutos. Dou fe.